

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 6ª XUNTANZA**

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación do subministro, instalación e mantemento, no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 4 de abril de 2018 ás 13.50 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora municipal
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asisten: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE

ORDE DO DÍA


- **Cualificación da documentación xeral presentada polo licitador proposto para a adxudicación.**

Procédese coa revisión da documentación presentada pola empresa EQUINSA PARKING, SLU.

Detéctanse as seguintes incidencias, todas elas subsanables: presentan a documentación da solvencia técnica sen asinar, os certificados de boa execución que presentan non son documentos orixinais ou compulsados e presentan a memoria descritiva de protección de datos sen asinar.

De acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, outorgaráselle un prazo de 3 días naturais para que emenden os defectos detectados.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.00 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA da 7ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación do subministro, instalación e mantemento, no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

No Salón Verde da Casa Consistorial, réunese a Mesa de Contratación, o 3 de maio de 2018 ás 13.42 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Dona Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade

Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA

ORDE DO DÍA

- **Revisión da documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación.**

Procédese coa revisión da documentación presentada pola empresa EQUINSA PARKING, SLU.

Detéctase a seguinte incidencia: os certificados de boa execución que presentan non recollen as datas nas que se realizaron os traballos.

O prego de condicións, na cláusula 4.2, polo que respecta á solvencia técnica, establece que se acreditará por calquera dos medios previstos no artigo 77 do TRLCSP, e especificamente, mediante:




1

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes...

Tendo en conta o que antecede outórgaselle un prazo de 3 días naturais para que subsanen a incidencia detectada.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.53 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA


ACTA da 8ª XUNTANZA

Concurso público, por procedemento aberto, para a contratación do subministro, instalación e mantemento, no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 16 de maio de 2018 ás 13.26 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez
 Vogais: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG
 Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE
 Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
 Dona Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal
 Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade
 Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade



Secretario: Don José Ramón Alonso Fernández

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA

ORDE DO DÍA

- **Revisión da documentación presentada polo licitador proposto para a adxudicación.**

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia técnica do licitador proposto como adxudicatario, EQUINSA PARKING, SLU, consideran acreditada a mesma e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na sesión de 16 de marzo de 2018 desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.27 horas. Dou fe.

